

VI Premio Literario Descubriendo Oleiros

*Descubriendo*  
**OLEIROS**

Ano 2019





# A gata Ágata

Ola! Eu son a gata Ágata, teño un ollo azul e outro morado e unha pelaxe amarela, son moi curiosa e vivo en Santa Cruz.

Un día vin unha nena e unha muller e seguinas. Elas foron a unha pequena cabana que estaba no pazo das Torres, onde dúas profes que se chamaban Susana e Ana, axudáronas xunto a outros alumnos e alumnas a facer: corazóns, estrelas, bonecos de neve e incluso árbores de Nadal co barro! Gustoume moito ver aquilo e estábase moi quentiño.

Outro día, seguinas polo Museo Os Oleiros “José María Kaydeda”. Alí había esculturas, xerróns, cuncas, pratos e outras moitas pezas feitas de barro de moitas cores. Oín que eran de moitos lugares. Había dúas ou tres pezas moi especiais porque estaban rotas e reparadas con grampas. Quedei abraiada! Era como viaxar por toda España.

Agora, despois de comer sardiñas polo porto, entro pola fiestra dunha das Torres do museo e admiro con moito coidado a exposición. Miau, que bonitas son!

**Kyra Saavedra Escalante**

*(3º de primaria do CEIP Luís Seoane)*



# As sete aventuras

Bos días son Carolina, hoxe vai moito frío e chove, paréceme que será así toda a semana. Pero unha amiga miña contoume que hai un sitio chamado Oleiros, onde hai unhas bibliotecas xeniais e uns libros cunhas historias increíbles.

Entón decidín mudarme e vivir moitas aventuras nas bibliotecas.

Collín a miña bicicleta vermella e cheguei á biblioteca María José Trincado en Mera. É pequeniña e na saliña de abaixo atopeime cun concerto infantil dun cantante que non coñecía, alí cantamos, bailamos e fixen moitos amigos. Foi unha tarde estupenda!

O martes seguindo o carril bici cheguei a dúas torres da cor da miña bici, ás Torres de Santa Cruz, escoitei ruído na parte esquerda e decidín entrar, alí atopei a moitas persoas sentadas nas butacas, entón senteime eu. Resultou que era un teatro de monicreques, foi tan entretido que cando mirei o reloxo xa era hora de volver para casa, facíase de noite!

Cando cheguei a casa quedeime durmida. Ao día seguinte fun a Lorbé a mercar o pan e como facía tan bo tempo decidín ir á biblioteca Xograr Mendiño, e alguén díxome:

— Pasa neniña!, vai empezar un contacontos!

Deixei a bici no aparcadoiro e entrei a fume de carozo, como di meu avó.

Ao final pediron un voluntario e saín eu, fixen de lobo!

Por participar déronme un libro fermoso, metino na cesta da bici e volví para casa moi leda.

Ao día seguinte arranquei de novo ata Dorneda, parei no parque e como me sobrava tempo, achegueime ao edificio do lado e era de novo unha biblioteca!

Vaia sorte estaban a punto de facer un obradoiro de manualidades, a miña actividade preferida!

Uninme a eles e fixen un álbum de fotos. Que sorte tiven! Pasei un día estupendo.

O venres saín da casa ás 12.30 da mañá e cheguei á biblioteca Manuel María. Ao chegar atopei un libro que quería desde pequeniña: A casa das fadas!

Púxenme ler nunha cadeira moi cómoda, cando acabei mirei pola fiestra e xa era de noite, puxen as luces da bici e emprendín a viaxe a casa. Ao chegar deiteime e quedei durmida soñando coa biblioteca do día seguinte.

Xa estaba acabando a semana e tocábame a biblioteca de San Pedro de Nós, que ilusión! Mirei en internet e había un espectáculo de maxia.

Cando cheguei sentíame nunha butaca amarela. Foi impresionante, fixo trucos co seu coello Cascabel, era monísimo e os trucos de maxia coas cartas foron impresionantes.

Xa era domingo, a semana pasou voando, e achegueime pedaleando a un gran castelo ao que chaman biblioteca Rialeda. Era un lugar asombroso. Ao entrar atopeime co pazo dos libros! Que marabilla! Nunca entrara nun sitio así.

Alí estaban persoas falando dun só libro.

Como non o coñecía púxenme a escoitar. Falaban do que lles pareceu, dos personaxes, ríanse, charlaban... A esa actividade chamábanlle tertulia literaria. Encantoume!



Esta semana foi unha das miñas preferidas da miña vida.

No álbum que fixen peguei todas as fotos.

**María González Blanco**  
(4º de primaria do CEIP Luís Seoane)

# O Carballo e a cadela Pepa

Pepa todos os días, sen faltar un, ía xunto a súa mellor amiga a árbore dourada como ela lle chamaba, pois cando o sol atravesaba as súas ramas parecía brillar como o ouro. Está no parque dos veciños en Oleiros, un carballo robusto pero non moi alto, tiñan unha amizade sen igual, Pepa contáballe todo sobre os lugares que visitaba, as ramas máis altas do carballo non alcanzaban ver máis alá de catro ou cinco metros pois unha chea de eucaliptos xigantescos tapábanlle a vista e o carballo para agradecerllo deixaba caer pauciños e landras para que a cadela Pepa fose a por eles, podían votar horas xogando e falando, o Castelo de Santa Cruz, a costa de Dexo, eran os lugares favoritos da árbore dourada, sen nunca velos, tiña unha imaxe moi parecida á realidade, Pepa era moi boa describindo.

Un día como outro calquera, despois de moito xogar Pepa que tiña moita sede, parou a beber dunha poceira de camiño á súa casa, saíndo xa case do parque dos veciños, vaia susto para o seu dono, Pepa empezou a tusir, e a tusir, non podía respirar, o dono estivo moi rápido, non tardou moito en chegar ao veterinario. Un plástico no medio da poceira quedou atrapado na gorxa de Pepa, durante uns días non podía saír da casa.

Xa van cinco días que o sol se agocha por detrás dos eucaliptos que miran cara a Santa Cristina e Pepa sen aparecer, o carballo preguntaba a todo paxaro que asomaba o pico polas súas ramas cada día con menos follas, que lle caían de tristeza, a árbore dourada estaba a puntiño de enfermarse ata que polo medio dos eucaliptos, unhas pisadas se achegaban a toda velocidade, pequenos brincos para esquivar as ramas, Pepa por fin apareceu!!

Como sempre fixo, Pepa contoulle con todo tipo de detalles o acontecido co plástico da poceira, a árbore con cada palabra máis se anoxaba, pois son moitas as persoas que non teñen conciencia e tiran o lixo por todo o parque, entre os dous, entre xogo e xogo, charla e charla, decidiron facer algo, que se corra a voz! Dixeron.

De árbore en árbore, de can en can, pouco tardaron en facer oír o seu plan, de feito chegou aos meus oídos, así que, se vas ao parque dos veciños e algunha árbore deixa caer unha rama, unha landra, o que sexa enriba de ti, ou un can de súpeto mexa na túa perna, de seguro é porque te viron tirar lixo no noso parque.

Por certo, está a chegar a oídos dos peixes, a ver que fas e deixa de tirar tamén lixo ao mar!!!

Por: Carrapucheiriña

**Inés Santiago García**

*(5º de primaria do CEIP Luís Seoane)*





# O xardín encantado

Chámome... Ummm!

Ah si!... Anxo. Xa case nin me acordo!

Levo moito tempo, non sei canto percorrendo estes xardíns.

Pero non pensedes que me aburro, Que va!

Sei que hai moito, moito tempo eu viña a xogar aquí, co neno que vivía na casa grande.

Este rapaz so viña polo verán, pero pasabámolo moi ben. Xogabamos ás agachadas polas sebes e os recunchos, a pena é que a palmeira e a árbore centenaria que hai na porta hoxe, daquela non fosen mais grandes.

Mollabamos os pés no lavadoiro e na fonte. Faciamos carreiras de barquiños con follas e paus pola canle que percorría todo o xardín. Iso si a cuestión non era quen gañase a carreira senón rematar cos pés metidos na auga choupando.



Lémbrome de todo isto pero non lembro o seu nome. Que memoria a miña!

Miña nai Carmen, coidaba da casa cando esta familia non estaba, xa que era a súa casa de verán, eles vivían na Coruña o resto do ano.

Por aquí todos os paisanos chamábanlle a “Casona dos Ibarrola”. Debían ser moi ricos pois unha das súas habitacións da casa de verán era mais grande ca miña casa enteira.

O caso é que agora é a miña casa, por aquí pásome pululando en inverno e no verán, de día e de noite.

E non me aburro, non!, quizais un pouquiño no inverno pero no resto das estacións estou moi acompañado.

Sempre vén moita xente por aquí, xa que este xardín esta moi bonito en calquera das estacións.

Veñen moitos mozos namorados a sentarse e pasear por aquí. E de vez en cando..., bo! Algunha que outra vez..., como non me poden ver, fágolles algunha trasnada: como salpicarlles auga, darlles un pequeno empuxón para que esvaren ou se me caen un pouco mal tírolles algunha laranxa enriba, cando están tombados na herba a sombra das árbores.

Pero quero contarvos que ultimamente estou dun eufórico subido, pois neste xardín, xa non estou só, teño unha boa compañeira de xogos e conversas. E as vinte e catro horas do día! Toda para min! Aínda que non me deixa facer tantas trasnadas. Dime que estou escorrentando a xente e iso non está ben!

Chegou aquí vai facer un ano, e chámase Esther. Díxome que este lugar lle gustara sempre moito e un dos seus desexos era que fose o que agora é, un lugar familiar, de xogos, repouso, onde pasar o tempo de lecer. E onde os namorados puidesen pasear.

O xardín dos namorados!

E como non podía ser doutra maneira, ela o considera a súa casa e que por iso esta aquí.

Esther sempre me está dicindo:

Este xardín me encanta! Este xardín ten alma! Entón decidimos entre nós poñerlle o nome de... Xardín Encantado!

E encantado sairás del se vés a visitarnos.

Este pequeno relato dedícollo a Esther Pita, xa que todos os oleirenses temos este fermoso xardín para poder gozar del e ao lado da casa.

Todo grazas a ela e aos esforzos que realizou para que fose así.



É todo un regalo!

É todo un privilexio!

GRAZAS ESTHER!

**Pablo Rodríguez Gagino**

*(6º de primaria do CEIP Isidro Parga Pondal)*



# Noutra vida

As fortes rachas de vento azoutaban as pólas das árbores aquela tormentosa noite, ela non podía durmir.

Na escuridade do cuarto había un silencio tímido, no que, de cando en cando interviñan a cegadora luz dos raios e o estremecedor son dos tronos.

Enredou nas sabas que ata agora foran brancas. Cortáranlles a auga, facía apenas uns meses que ían á fonte pública a encher botellas e, a comida comezaba a escasear na súa neveira.

Sentiu como unhas suaves mans recorríanlle o corpo, alí estaba el, a persoa que a criou e da que non se separaría nunca. Acuruxouse entre os seus brazos o seu corpo era tan cálido coma sempre, pechou os ollos para ver se esta vez lograba durmir dunha vez. -Durme tranquila- díxolle, e apertouna aínda máis forte. Se aquilo era durmir non lle rendía xustiza ao que vivira naquela cama grande e coas sabas que lle bordara a súa nai.

— 7 anos antes

— VOUME! –berrou, para que así todos na súa casa lle oísen. O café-cantante onde ela adoitaba ir estaba aberto, gustáballe a música ao vivo, sentouse na barra e pediu un café longo mentres miraba o pequeno grupo que tocaba no escenario. O café estaba quente cousa que se agradecía nun día de frío coma aquel.

Coñeceu a Luck aquel frío día, aquela tarde na que decidiu deixar a súa familia, por fin, e deixar de vivir aquel sufrimento que cada día lle daba máis gañas de coller una navalla e acabar canto antes for coa súa vida. El baixouse do escenario, como non quedaban sitios sentouse na cadeira do seu lado. Comezaron a falar e pouco a pouco, día a día fóronse coñecendo. Luk non era calquera pervertido que quixera achegarse a ela polo seu corpo ou pola súa boa situación económica.

O tempo ía pasando. E os anos facían que os dous se achegaran cada vez máis. Ao pouco tempo fóronse vivir xuntos. Ela atopou traballo en Santa Cruz, naquel bar no que facía 3 anos coñecera ao que xa era o seu mozo.

Pero ela dedicábase á hostalaría e alí os traballos a curto prazo non duran moito así que cando o prazo do seu contrato expirou despedírona sen piedade. Debido á súa idade non volveu atopar traballo, así foi que as súas vidas dependían agora do éxito da agrupación de Luk, pero a cousa non avanzaba, apenas tiñan uns 1000 oíntes, e como moito vendían 700 entradas nos seu concertos, e a metade polo menos levábana as salas de festas ou os locais onde tocaban para incrementar a súa fama.

Os cartos íanse, a comida da neveira tamén desaparecía, a este ritmo cortáranlles o gas e a auga, ían encher as botellas ás fontes públicas e durmían nas sabas que xa non eran brancas, a casa, xa case non era casa e a humidade facíaa aínda menos acolledora. Agradecíanse o apoio mutuo, seguían a apreciarse o un ao outro e case non había razóns para discutir. Nos seus corpos, pouco a pouco marcábanse máis as costelas, e en xeral, todos os ósos do corpo, xa non quedaban sobras das que aproveitarse, os dous estaban a pasalo física e psicoloxicamente mal e case non facían vida normal e Luk xa non ía ensaiar co grupo por causa da desnutrición, quen sabía se polo camiño podíalle dar un mareo ou algo parecido, estaban definitivamente perdidos.

Non había remedio xa, os dous pensárano había varios días pero non o levaran a cabo, desta vez decidíronse, xa non podían máis, os pais defuntos de Luk non podían facer nada por eles e ela non é que se levase moi ben co seu pai dende aquel día.

Así ían os dous por Santa Cruz adiante, cuns descoidados camisóns chamando á atención de calquera que por alí ía. Pararon un momento sobre a ponte do castelo a observar o solpor, a marea estaba chea, miráronse aos ollos el deixou escapar una fina bágoa dos seus ollos, ela con voz muda, dixo: síntoo. Eles sabían que non

sería esa a última vez que se verían. Coa mirada fixa no outro sentáronse no borde da estrutura, xuntaron as súas mans, e coa mirada fixa despedíronse do outro para dar a benvida á una nova vida, onde sempre estarían xuntos.

A súa última aperta foi longa, e a súa primeira caída lixeira. Os seus corpos sen vida atopáronos pousados na área da praia, una vez que baixara a marea.

Luk e Jenn apareceron xuntos, tamén por última vez, nos seus funerais eles miraban ás súas familias cheas de tristeza e de bágoas nos ollos, observaban os seus propios corpos mortos, delgados e mutilados, xuntos apareceron e así se foron xuntos, ata o final.

**Andrea González López**

*(2º de ESO do IESP Xosé Neira Vilas)*





# Un día máis en Oleiros

Parece un día normal en Oleiros, hai moito tráfico, atascos para ir ao traballo, na entrada do Neira os nenos apíñanse, móllanse coa chuvia e fai moito vento...

Pero algo era distinto ese día, ao entrar no edificio non había ninguén, as aulas estaban baleiras, non había barullo nos corredores, todo era silencio.

E alí, na aula catro, se atopaba o noso protagonista, ese libro de lingua galega que quedara esquecido pola súa dona toda a fin de semana. Unha das fiestras estaba un pouco aberta e un refacho de vento fixo que o noso libro se abrise, parecía unha bolboreta. De súpeto, todos os personaxes do libro cobraron vida, una científica, unha amazona, unha peixeira, Leticia Costas, Carlos Negro, Elena Gallego e un lote de rapazas e rapaces... Ata un cabalo e un lince!

Logo de estar todos xuntos, comezaron a falar, estaban abraiados!, non podían crer o que lles estaba a acontecer. Todos, excepto unha das rapazas, ela mandou calar e díxolles: — *“Atentos!, se queremos volver ás nosas páxinas teremos que pasar unhas probas, se non as superamos entre todos, quedaremos para sempre encerrados nesta realidade.”*

Na primeira das probas todos e cada un dos nosos amigos tiñan que ler un trabalinguas sen cometer ningún erro.

*“Unha vella mufella mufella fimirifella de mi carantella  
 tivo un fillo mufillo mufillo fimirifillo de mi carantillo.  
 Mandouno á caza mufaza mufaza fimirifaza de mi carantaza  
 trouxo un coello mufello mufello fimirifello de mi carantello.  
 Botouno o canizo mufizo mufizo fimirifizo de mi carantizo.”*

E así un a un foron lendo o trabalinguas ata conseguir pasar á segunda proba, nesta proba deberían resolver tres xeroglíficos. Serás ti capaz de resolvelos?

1)




\* Que fago coas ovelas

2)



\* Que che regalou no aniversario?

3)



\* Como consegues manterte en forma?

Pero a terceira e definitiva proba, sería a máis complicada, fantástica e divertida de todas. Terían que traballar duro e en equipo, ata o cabalo e o lince terían a súa misión... Emprenderían unha viaxe moi intensa polo instituto, pasando pola biblioteca, onde se ían atopar cun espectacular baile de libros; de alí ata o laboratorio, onde a nosa científica debería preparar unha poción que os transportaría ata a sala de profesores, descubriendo segredos gardados nos informes e incluso verían exames voadores!, no ximnasio o cabalo debería saltar o plinto e o lince faría probas de velocidade.

Así, todos os personaxes do libro se viron envoltos nunha aventura que remataría cando todos e cada un deles regresasen ás súas páxinas. Nese intre, o libro pechouse, os corredores volveron a encherse de alumnos e o barullo reinaba nos corredores. Volvía ser un día máis en Oleiros!

\* Solucións: 1) Sóltas, 2) Dous pendentos, 3) Remando

**Elena Fernández Vázquez**

*(2º de ESO do IESP Xosé Neira Vilas)*